

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE REDONDELA**

ANUNCIO de información pública sobre o expediente do estudo de detalle da zona da praia de Arealonga-Chapela (expediente 5220/2017).

Aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno local, en acordo adoptado no 26 de xullo de 2018, o estudo de detalle promovido pola mercantil Desenvollos Urbanísticos Playa de Arealonga, S.L., representada por Óscar Mon Seijas, na zona da praia de Arealonga-Chapela, de acordo co proxecto (2º refundido) de marzo de 2018 (asinado en maio de 2018 polos arquitectos redactores do proxecto José Luis Pereiro Alonso e Simón Pereiro López-Quecuty).

De conformidade co disposto no artigo 80 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 194 do Regulamento da Lei 2/2016, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, sométese a información pública, mediante a publicación deste anuncio do xornal *Faro de Vigo* e no *Diario Oficial de Galicia*, durante o prazo dun mes, contado a partir do seguinte á última publicación. Durante este prazo calquera interesado/a e o público en xeral poderán facer as alegacións que consideren procedentes. O expediente pódese consultar desde o día seguinte ao da primeira das publicacións, nas oficinas de urbanismo da Casa do Concello, en horario laboral das 9.00 ás 14.00 horas, e o proxecto na web do Concello de Redondela: www.redondela.gal. Área de Urbanismo. Planeamento e Desenvolvemento.

Redondela, 27 de xullo de 2018

Javier Bas Corugeira
Alcalde

